

Cóntase a historia dun mozo arxentino que, grazas aos esforzos do seu pai, labrador, puido ir estudar Agronomía á Universidade. E cando acabou os seus estudos, en lugar de colocarse comodamente nunha gran cidade, decidiu regresar á súa aldea para tratar de pór alí en práctica todo o que na Universidade aprendera. E fíxoo lembrando moi ben o último consello que os seus profesores lle deron: «*Cando teñas que desenvolver algunha empresa agrícola non te fíes do que sabes, consulta antes aos vellos do lugar, que moitas veces, saben máis que todos os científicos*». E así o fixo o noso mozo. Achegouse un día ao máis vello do lugar, don Laureano, e preguntoulle:

- ¿Ha visto, don Laureano, mi campito?

- Sí, ¿cómo no lo voy ver? -**contestou o vello**-. Lindo lo ha dejado, patroncito; engadiu.

- Y bien, don Laureano, yo le quería preguntar una cosa: ¿Usted cree que este campito me dará buen algodón?

- ¿Algodón dijo, patroncito? -**respondeu dubitativo o vello**-. No, mire, no creo que este campo le pueda dar algodón. Fíjese los años que yo vivo aquí, pues nunca vi que este campo diera algodón.

- ¿Y maíz? -**insistiu o mozo**-. ¿Usted cree que me puede dar maíz?

- ¿Maíz dijo, patroncito? No, no creo que este campo le pueda dar maíz. Por lo que yo sé, ese campito lo más que le puede dar es algo de pasto, un poco de leña, sombra para las vacas y, con suerte, alguna frutita de monte. Pero maíz no creo que le dé.

**Cada vez máis desconcertado, o noso mozo enxeñeiro insistiu aínda:** -¿Y soja, don Laureano? ¿Me podrá dar soja el campito?

- ¿Soja dijo, patroncito? Mire, no le quiero macanear. Yo nunca he visto soja por estos lados. Ya le digo: lo más, algo de pasto, un poco de leña, sombra para las vacas y alguna frutita de monte, no más.

**E o mozo enxeñeiro, cansado de recibir sempre a mesma resposta, esta vez xa non preguntou, e dixo:**

- Bueno, don Laureano, yo le agradezco todo lo que me ha dicho. Pero, de todos modos, quiero hacer una prueba. Voy a sembrar algodón en el campito y vamos a ver lo que resulta.

**E foi entón cando viu que o vello levantaba os ollos e cun medio sorriso nos beizos dicíalle:**

- Hombre claro, patroncito, si se siembra..., si se siembra es otra cosa.

*(Adaptación dun texto do abade Mamerto Menapace).*